

UN DÍA DE MALLA.

//=====//

Corría o mes de xullo dun ano do tempo da meda e do palleiro nas eiras galegas, dun día de auténtico verán. Cando comezaba a lubriga-lo amencer na eira lastrada dunha casa rica de labranza, seis homes asentaban unha máquina de mallar. Todos eles eran campesiños veteranos. Previamente, a devandita eira xa fora acondicionada , para unha xornada de malla. Recordemos que o conxunto constaba de tres elementos: Motor e malladoira, e logo a limpadoira. Os malladores, según chegaban, trataban de poñerse a punto para unha proba de resistencia, na que farían papel de verdadeiros protagonistas, enzoufados na calor, cisco e suor De momento estaban a comer un anaco de pan centeo, cada pouco mandábanlle un grolíño de augardente, para acadar a enerxía necesaria. En canto saía o sol cada un ocupaba o seu posto, asumindo a responsabilidade correspondente .

En canto se acendía o motor, coa axuda dunha manivela.ao ruxido do motor engadíase o zumbido da malladoira, especialmente, cando lle metían palla. Co esa cantarela arrincaba a aventura dunha malla..

Un rapazolo empoleirado no cume da meda comezaba a botar mollos abaixo, onde outro lles quitaba o atadallo, deseguida un mallador , a brazadas, botaba palla enriba do mesal da malladoira. Rubidos sobre dun banco había outros dous homes: O primeiro espaxexía a devandita palla., logo o segundo, con moito xeito ía pasando a malladoira. Outro mallador, situado fronte a mesma, coa axuda dun forcado, sacaba esa palla xa sen grao, cara atrás, para facilita-lo traballo de tres mulleres espalladoiras que a recollían a brazadas e colocábanas nos feixes que, outros tres homes, a veces máis, a carrexaban ao palleiro. Na feitura deste intervían catro especialistas: Dous enriba e dous abaixo. Cando se trataba de grandes palleiros usábanse dúas esqueiras, unha para un dos palleiros e outra para rubir os que levaban os feixes.Os dous malladores d' abaixo ían provistos dunha pala de madeira que recibía o nome de pá, estaba formada por dous elementos: mango e folla, ésta, normalmente, era de forma ovalada, logo para peinar e alisar a parte superior do palleiro, os palleiros usaban tamén un anciño e un forcado coas bifurcacións enrestradas de palla.. Outro mallador manexaba un rodo de madeira e asumía a responsabilidade de separar o grao que saía da malladoira e espaxexelo pola eira, nesas íntres entraban e acción as coañeiras que, con moito donaire, dominaban unha barreadeira, feita de ramallos de bidueiro, mentres outro mallador, o home do anciño, separaba o coño do grao, logo outro mallador, usando un rodo de madeira facía un montón que outro mallador cargaba nun cesto que deseguido levaba a limpadoira. Para atender este aparello eran necesarias, como mínimo, catro persoas: unha que se facía cargo da manivela, outra, co nomeado ferrado, recollía o grao limpo que logo baleiraba nun saco que outro sujetaba coas mans. Para carrexar o pan as huchas ou tullas. O número de malladores necesarios estaba sempre en función da distancia que había ata as mesmas. Aínda se necesitaba unha persoa máis para contabilizar os ferrados resultantes.

Nunha xornada de malla dase unha circunstancia un tanto anecdótica: A medida que se vai desfecendo a meda vaise facendo o palleiro, de xeito que canto durmíu na derradeira noite na meda,

Na seguinte durmirá no palleiro, no coño, nas huchas e tullas. No pasado campaban nas eiras do noso rural a meda, o palleiro mailo cabaceiro. Agora de todo iso xa non queda nada, só imaxes para a nosa tradición e a nosa historia.

Recordo bastante ben esta malla, porque cando tiña 19 anos participei nela. O meu traballo consistiu en levar feixes de palla ao palleiro. Por certo, naquela data fixéronme unha xogarreta: Metéronme unha moza nun feixe, no medio da palla.

. Para rubir pola esqueira tiven que facer moito equilibrio, ela pateaba, eu temía que íamos rodar palleiro abaixo.

No desenrolo dunha malla non faltaba nunca algo de picante: Esas miradas que falan, suaves e disimuladas caricias, agochadas paixóns, xogos amorosos, palmadiñas nas cachas.....Sempre co desexo de acadar un ambiente festivo, para mitiga-lo esforzo dunha asfixiante labor. No fondo a malla era coma un canto de alegría e constituía un exponente de solidariedade, entre os veciños das aldeas e parroquias da nosa bisbarra. Un exemplo a seguir na actualidade, cando tanto se fala dela e tan pouco se practica.

Antes de existir as devanditas máquinas de mallar xa existían as eiras, onde se facía a malla do centeo, do trigo e das legumes, usando un aparello coñecido co nome de “mallo”. Éste estaba formado por dúas pezas: Mangueira e pértiga, unidas por dúas correas de coiro.

Ao longo do día facíanse varias comidas: As dez da mañá comíase pan e queixo e de bebida, augardente; logo entre unha e dúas daban o xantar con abundancia de carne, nas casas máis ricas sacrificaban unha cabra, cuxa pel se aproveitaba para carrexalo viño da adega a casa; non faltaba a cachola e o lacón do porco, nin tampouco os chorizos; a caída da tarde daban a merenda, a base de pan e xamón e torrezmos; despois o rematar era a hora da cea, sempre con abundancia de tinto das ribeiras do Miño. Con frecuencia despois de comer e beber ben caldeábase un ambiente que se prolongaba varias horas.

Unha anécdota curiosa falando con segadores e atadoiras e a lembranza que fan da abundancia e do cantar dos paspallás. Na actualidade, nos meus frecuentes paseos en campo aberto, sinto unha profunda nostalxia cando recordo aquela imaxe de mira-las nosas agras cubertas de centeo e trigo, o mesmo sentimento me embarga lembrando o canto daquelas aves tan codiciadas polos nosos cazadores.

Unha malla que duraba de sol a sol proporcionaba unha colleita superior as cen fanegas de grao, ou sexa, máis de cinco centos ferrados, sempre en función das características do tempo.

Neste acontecemento de malla era adxacente o cantar dos malladores. A forza de preguntar a vellos malladores puideron recompoñer os seguintes cantares, alusivos a malla:

Ánimo espalladoiras
nese arte de espallar
nas xornadas malladoiras.
Mentres vades coñando,
solidarias coñeiras´
todos na eira cantando



PALLEIROS E PALLEIREIROS.

//=====/
/

Ata fai poucos anos nas eiras galegas campaban a meda e mailo palleiro, coma elementos decorativos, pero

agora, eses aderezos xa forman parte do pasado.

Na descripción dun palleiro distínguense tres partes: Base, parte superior e caperuza. A primeira ten forma cilíndrica; a segunda é de forma cónica, logo a terceira, amosa ser unha especie de rosetón, remate da obra.

Cando ían facer un palleiro a superficie destinada a solar do mesmo cubríase de pólas e ramas e, especialmente, cando era grande tamén se poñían paos e troncos, éstos recibían o nome de “canteiros”, sempre coa finalidade de que a palla non pudrira se quedaba en contacto co solo.

Nos traballos máis complexos das malla había verdadeiros especialistas, como era o caso dos palleireiros.

Na parroquia de Santo Tomé do Carballo, Taboada houbo, coma en calquera recuncho de Galicia, varios homes palleireiros que dominaban ese arte aparentemente tan sinxelo. Na actualidade aínda viven: Dositeo do Zarandulo que por certo contoume varios segredos da feitura dun palleiro, logo outros especialistas que, afortunadamente, tamén viven: Manolo da Dominga e Manolo do Rafael.

Na realización dun palleiro usábanse dous procedementos: “Cotón” e “Colmo”

O máis sinxelo, pero menos eficaz, consistía en coloca-la palla de xeito horizontal. Éste era o primeiro. Logo o “colmo” era máis complexo xa que formaba un plano inclinado: Máis alto no medio, baixando cara fora. de xeito que, na colocación da palla a auga escorría cara fora, de xeito que a mesma non pudrira.

Un veciño da nosa parroquia de Santo Tomé do Carballo, conserva dende fai moitos anos un palleiro, cuxa foto se adxunta, xentileza dun amante fanático da nosa tradición, Mariano de Pacios. Por eles entereime de aspectos que resultan sumamente interesantes. A pá, ferramenta composta dun mango curto e unha folla de madeira que manexaba o palleireiro que perfilaba o contorno da base do palleiro. Logo o outro facía uso do anciño, para peinar a parte cónica do mesmo. Para rematar botaba man dun forcado enrestrado de palla, para alisalo ben. O traballo que se facía coa pá recibía o nome de encouzar.

Xa rematada a sega
e se facía o medeiro,
xa o cuco non cantaba
nas polas do castiñeiro.
Foise a terras distantes,
onde ten outro poleiro.
Este diaño de paxaro
non quere ve-lo palleiro.

Libeliñas coañeiras

cos ramallos de bidueiro
e donaire polas eiras,
en ambiente algareiro.

Palleireiros, palleireiros
foi a vosa vocación
a feitura dos palleiros,
das nosas eiras pendón.

Sodes dignos da
lembranza,fixestes arte na
palla,merecedes a loanza daqueles
tempos de malla.

Sócrates Rigueira Ramos

